

NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN

D/Dª JAVIER TOSAR LOPEZ

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 12-11-2025, ditou a resolución con número 3382/2025 que deseguido lle notifico:

RESOLUCIÓN

COLABORACIÓN DO CONCELLO DE CARBALLO CA SECCIÓN DE CARBALLO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE A CORUÑA PARA O PROGRAMA “DEPORTE É SAÚDE” INCLUÍDO NO “PLAN PROXECTA” DA CONSELLERÍA DE EXUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA.

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Solitude da Sección de Carballo da Escola Oficial de Idiomas da Consellería de Educación da Xunta de Galicia para o programa “Deporte e Saúde” (Núm. Rxtro. 202599900007054 do 31/10/2025)

SEGUNDO.- Informe do técnico de deportes do concello de Carballo, no que se argumenta e se conclúe que:

“Considerando:

- Que a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no apartado segundo do seu artigo 8 prevé de xeito expreso como competencia propia a de “Promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas”.*
 - Que o Concello de Carballo colabora de xeito habitual ca administración autonómica mediante a organización de eventos deportivos na idade escolar.*
 - Que o Concello de Carballo contempla como liña estratéxica a misión de universalizar a práctica deportiva entre a cidadanía.*
 - Que a Sección de Carballo da EOI é un centro público de ensino de titularidade da Xunta de Galicia.*
 - Que o Concello de Carballo posúe instalacións deportivas e actividades propias axeitadas ás necesidades plantexadas polo solicitante nas que é posible tecnicamente integrar aos participantes.*
- Conclúese que:*

Para o cumprimento das competencias en materia de Deporte e a consecución dos obxectivos das políticas deportivas propias do Concello de Carballo, é oportuna a colaboración ca Sección de Carballo da EOI de A Coruña no programa “Deporte é Saúde” incluído na liña de “Proxectos de vida activa e deportiva” do “Plan Proxecta” da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Procede colaborar ca Sección de Carballo da EOI de A Coruña no programa “Deporte é Saúde” incluído na liña de “Proxectos de vida activa e deportiva” do “Plan Proxecta” da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional...”

Visto o cal, RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar colaboración ca Sección de Carballo da EOI de A Coruña no programa “Deporte é Saúde” incluído na liña de “Proxectos de vida activa e deportiva” do “Plan Proxecta” da Consellería

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2025/D002/000016
Exp. 2025/G003/003457

de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e que se concreta nos seguintes termos:

- O persoal docente e o alumnado da sección de Carballo da EOI da Coruña poderá participar durante o mes de novembro de 2025 nun máximo de tres sesións da actividade de Aquagym impartida na piscina municipal Vila de Noia e con asistencia simultánea de un máximo de trinta e cinco persoas.
- A sección de Carballo da EOI da Coruña será a encargada de comprobar que os participantes non presentan condicións que lles incapacite ou cotraíndique a práctica da actividade deportiva de Aquagym.
- O persoal da área de Deportes do Concello de Carballo impartirá dúas charlas informativa sobre a actividade aos participantes.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

José Daniel Pérez López

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Mediante este documento notifícaselle a vostede, pola súa condición de persoa interesada, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, vostede poderá interpor alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, ante o alcalde do Concello de Carballo, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo mentres que aquel non se resolva expresamente ou produza efectos a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida vostede interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretaria

Marina Núñez Orjales